



**A POBRA
DO CARAMIÑAL
CONCELLO**

**CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO
SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA NA XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DO ESPAZO
COWORKING DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL**

EXPEDIENTE: 1926/2024

1. Obxecto do contrato. Códigos CPV.

Prestación do servizo de asistencia técnica na xestión e dinamización do Coworking da Pobra, sito na rúa Condado 7, da Pobra do Caramiñal.

Os códigos CPV do contrato son os seguintes:

- 98350000-1 Servizos de instalacións municipais,
- 85312300-2 Servizos de orientación e asesoramento,
- 80500000-9 Servizos de formación.

División en lotes: Non, a súa xustificación, art. 99.3 LCSP, é a seguinte: a separación en lotes non aseguraría a obtención de ofertas máis vantaxosas para a correcta execución do contrato, tendo en conta que os servizos obxecto do mesmo implican a necesidade de coordinar a súa execución e desenvolvemento, o que se vería imposibilitado pola súa división en lotes e adjudicación a varios contratistas.

Polo tanto a realización independente das prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo dende un punto de vista técnico, tratándose dun servizo de atención integral.

2. Órganos administrativos

Órgano de contratación: Alcaldía.

Enderezo postal: Rúa Gasset 28, 15940, A Pobra, A Coruña.

Unidade tramitadora: Contratación

Órgano destinatario do obxecto do contrato: Concello da Pobra.

Enderezo postal: Rúa Gasset 28, 15940, A Pobra, A Coruña.

3. Valor estimado do contrato . Orzamento base de licitación e existencia de crédito

De acordo establecido no artigo 102 da LCSP o sistema de determinación de prezos realizouse en estudo de custes aplicando o convenio colectivo vixente da actividade de oficinas e despachos.

Valor estimado do contrato anual	23.000,00 euros
IVE 21%	4.830,00 euros
Orzamento base licitación anual:	27.830,00 euros





**A POBRA
DO CARAMIÑAL
CONCELLO**

Valor estimado total (1 ano e dúas posibles prórrogas)	69.000,00 euros
Importe IVE	14.490,00 euros
Orzamento base licitación total (IVE engadido) (1 ano e dúas posibles prórrogas)	83.490,00 euros

Carácter Plurianual. Consignación orzamentaria: 2024. 433.22706

4. Revisión de prezos: Non procede.

5. Duración do contrato. Prazo de execución

A data estimada do inicio do servizo: dende a data que se estableza no documento de formalización do contrato.

Prazo de duración: 1 ano (Estimado dende 01-09-2024 ata o 31-08-2025)

Posibilidade de prórroga: 2 anos (Prestación en igual período de cada anualidade)

Contéplanse a posibilidade de dúas prórrogas, e con respecto ás mesmas, o carácter deste contrato será de tramitación anticipada, ao abeiro da Disposición adicional terceira.2 da LCSP, e quedan sometidas á condición suspensiva da efectiva existencia dos recursos cos que haberá de financiarse, cuxos efectos quedarán en suspenso ata que se verifique o cumprimento da condición da que depende a súa eficacia.

No caso de desistimento procederá a compensación aos licitadores, consonte ao establecido no artigo 152.2 da LCSP, polos gastos nos que houberan incorrido.

6. Procedemento e criterios de adjudicación

Tramitación: ordinaria. Non suxeito a regulación harmonizada.

Procedemento: aberto simplificado (159 LCSP).

Criterios de adjudicación: múltiples criterios de adjudicación avaliados mediante xuízos de valor e de apreciación de forma automática.

7. Solvencia económica, financeira e técnica e profesional. Inscripción no rexistro de contratistas.

Cláusula 16.

9. Habilitación empresarial: non procede.

10. Garantías

Provisional: Non procede.

Definitiva: 5%, prezo adjudicación excluído o IVE.





Complementaria: 5%, prezo adxudicación excluído o IVE, no caso de que a oferta da adxudicataria fora cualificada con valores anormais ou desproporcionados.

11. Pólizas de seguro

O contratista debe ter subscritos os seguros obrigatorios, así como un seguro que cubra as responsabilidades que se deriven da execución do contrato, seguro de responsabilidade civil por un importe mínimo de 300.000 euros.

12. Presentación das propostas.

Os interesados en tomar parte na licitación deberán presentar as súas propostas a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PLACSP):

<https://contrataciondelestado.es/wps/portal/plataforma>

As proposicións presentadas por calquera outro medio non serán admitidas.

Prazo: 15 días naturais contados dende o seguinte á publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

A data e hora límite para a presentación das propostas será a establecida no anuncio de licitación.

13. Criterios de adxudicación (Cláusula 12)

14. Ofertas anormalmente baixas (cláusula 13)

Procede: Sí.

15. Criterios de desempate (Cláusula 14: de acordo co establecido no artigo 147.2 da LCSP)

16. Admisión de variantes: Non procede.

17. Condicións especiais de execución do contrato (Cláusula 20).

18. Subcontratación: Non procede.

19. Cesión do contrato

Os dereitos e obrigas dimanantes do contrato poderán ser cedidos a un contratista terceiro de conformidade co disposto no artigo 214.1 da LCSP.

20. Modificacións do contrato (cláusula 25).

21. Causas de resolución do contrato (Cláusula 25)

22. Penalidades (Cláusula 26).

a) Por incumprimento de prazos: de conformidade co establecido no artigo 193 da LCSP.

b) Por incumprimentos contractuais: cláusula 27.2

23. Prazo de garantía: 6 meses.





**A POBRA
DO CARAMIÑAL
CONCELLO**

24. Deber de confidencialidade: 5 anos dende o coñecemento desa información.

25. Prazo de solicitude de información adicional.

Os interesados no procedemento de licitación deberán solicitar información adicional sobre dos pregos e demais documentación complementaria cunha antelación mínima de 6 días antes da finalización do prazo de presentación das proposicións.

26. Outros datos.

INFORMACIÓN PERFIL DE CONTRATANTE: <https://contrataciondelestado.es>

CORREO ELECTRÓNICO: contratación@apobra.gal

27. Datos de facturación

Entidade contratante	CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL CIF: P1506800J CÓDIGO: L01150676	
Órgano xestor	CÓDIGO DIR3: LA0002118	ALCALDÍA
Unidade tramitadora	CÓDIGO DIR3: LA0002121	SERV. CONTRATACIÓN
Oficina contable	CÓDIGO DIR3: LA0002120	INTERVENCIÓN

28.- Código de expediente: 1926 /2024

29. Obtención de copias dos pregos: Perfil do contratante <https://contrataciondelestado.es/wps/portal/plataforma>, e persoalmente no Concello da Pobra do Caramiñal. Rúa Gasset, 28 – 15940 A Pobra do Caramiñal – A Coruña – Tel: 981 84 32 80

